A ADMINISTRACIÓN DE MEDICAMENTOS NOS CENTROS ESCOLARES

1. BREVES REFERENCIAS XURÍDICAS.

Non está especificamente regulamentado en ningún tipo de disposición legal a administración de medición aos alumnos menores de idade nos centros escolares de ensino regrado. Polo tanto, debemos acudir á regulación xeral (civil, penal, función pública, convenios colectivos) para tratar de valorar se esta actuación é esixible dos profesionais do ensino.

a) Código Civil

- **Artigo 1902 CC**

  El que por acción u omisión causa daño a otro, interviniendo culpa o negligencia, está obligado a reparar el daño causado.

- **Artigo 1903 CC**

  Las personas o entidades que sean titulares de un Centro docente de enseñanza no superior responderán por los daños y perjuicios que causen sus alumnos menores de edad durante los períodos de tiempo en que los mismos se hallen bajo el control o vigilancia del profesorado del Centro, desarrollando actividades escolares o extraescolares y complementarias.

  La responsabilidad de que trata este artículo cesará cuando las personas en él mencionadas prueben que emplearon toda la diligencia de un buen padre de familia para prevenir el daño.

- **Artigo 1904 CC**

  El que paga el daño causado por sus dependientes puede repetir de éstos lo que hubiese satisfecho.

  Cuando se trate de Centros docentes de enseñanza no superior, sus titulares podrán exigir de los profesores las cantidades satisfechas, si hubiesen incurrido en dolo o culpa grave en el ejercicio de sus funciones que fuesen causa del daño.

- **Artigo 1104 CC**

La culpa o negligencia del deudor consiste en la omisión de aquella diligencia que exija la naturaleza de la obligación y corresponda a las circunstancias de las personas, del tiempo y del lugar.

Cuando la obligación no exprese la diligencia que ha de prestarse en su cumplimiento, se exigirá la que correspondería a un buen padre de familia.

En qué consiste a dilixencia dun bo pai de familia?

A dilixencia dun bo pai de familia é a dilixencia que esixa a natureza da obriga e corresponda coas circunstancias das persoas, do tempo e do lugar. Trátase dunha dilixencia esixente, superior á media. É un deber de `coidar´, de `velar por´.

b) Código Penal

Artigo 195 CP

1. El que no socorriere a una persona que se halle desamparada y en peligro manifiesto y grave, cuando pudiere hacerlo sin riesgo propio ni de terceros, será castigado con la pena de multa de tres a doce meses.

2. En las mismas penas incurrirá el que, impedido de prestar socorro, no demande con urgencia auxilio ajeno.

c) Estatuto da Función Pública. Lei 7/2007 Estatuto Básico do Empregado Público

Artigo 95. Faltas moi graves

c) O abandono do servizo, así como non facerse cargo voluntariamente das tarefas ou funcións que teñen encomendadas.
g) O notorio incumprimento das funcións esenciais inherentes ao posto de traballo ou funcións encomendadas.

d) Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Artigo 139. Principios da responsabilidade patrimonial da administración

1. Os particulares terán dereito a ser indemnizados polas administracións pública correspondentes de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, agás nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos Servizos públicos.

2. En todo caso, o dano alegado terá que ser efectivo, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas.

Artigo 145. Exixencia de responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo das administracións públicas.

1. Para facer efectiva a responsabilidade patrimonial a que se refire o capítulo I deste título, os particulares esixiranlle directamente á Administración pública correspondente as indemnizacións polos danos e perdas causados polas autoridades e persoal ao seu servizo.

2. A Administración correspondente, unha vez que indemnice os lesionados, esixirá de oficio das súas autoridades e demais persoal ao seu servizo a responsabilidade en que incorresen por dolo, ou culpa ou neglixencia graves, logo de instruír o procedemento que regulamentariamente se estableza.

e) Xurisprudencia

Os tribunais parten sempre dunha idea central: mentres os alumnos permanezan dentro do ámbito de actuación dos docentes, existe unha cesión temporal a estes das obrigas de garda e custodia dos pais e nais, que se transmiten por lei ao profesorado No tempo e no espazo no que os alumnos están baixo o coidado dun docente, a responsabilidade é do centro e dos profesores/as ou mestres/as.

Tribunal Supremo:

1. O servizo público docente debe velar pola integridade física dos alumnos e non colocalos en situacións de risco.
2. Os deberes de vixilancia e coidado dos pais e nais traspásanse ao profesorado e ao persoal coidador do colexio durante a xornada escolar. STS 10/12/1996
3. A administración de medicamentos constitúe unha actividade meramente mecánica, inherente á misión de vixilancia e coidado dos alumnos. STS 16/06/1993

Outros Tribunais

TSX Madrid. S. 22/06/1993

Declara que nun centro de Educación Especial a administración de medicamentos poden realizala auxiliares técnicos cando non exista no centro ATS, seguindo as instrucións precisas do facultativo, como o realizaría calquera coidador. Pódense subministrar medicamentos sempre que sexa por vía oral e sen seleccionar ou decidir o fármaco.

CONCLUSIÓNS

A. A ADMINISTRACIÓN DE MEDICACIÓN NOS CENTROS EN SITUACIÓNS DE ENFERMIDADE ORDINARIA OU COMÚN.

1. RESPONSABILIDADE DOS DOCENTES

Os docentes, funcionarios ou contratados, son responsables do alumnado, tanto durante a permanencia do mesmo no centro educativo, como durante o tempo en que se atopen baixo o CONTROL ou VIXILANCIA do profesorado desenvolvendo actividades escolares, extraescolares ou complementarias.

Aos docentes se lles esixirá a DILIXENCIA DUN BO PAI DE FAMILIA.

Os Tribunais, nas escasas sentenzas atopadas sobre este asunto, consideran unha obriga dos docentes a administración de medicamentos en condicións ordinarias.

A responsabilidade queda limitada ata onde chegue a capacidade e o coñecemento do administrador do medicamento.

2. ALCANCE DA RESPONSABILIDADE

Non existe ningún tipo de responsabilidade legal na administración de medicamentos en tanto en canto:

a) Veña precedida dun informe dun facultativo, que será quen teña que determinar o fármaco, a posoloxía e a dose.
b) A familia subministre o fármaco
c) Se trate da administración dunha medicación **que non precise preparación previa**. A xurisprudencia reitera que a administración de medicamentos baixo prescrición médica non deixa de ser unha actividade mecánica que **non require de ningún tipo de elaboración especial e que podería levarse a cabo por calquera persoa**, por canto non estaría considerada como un acto médico.

d) O centro educativo dispoña da solicitude previa do responsable legal do alumnado menor de idade, autorizando a administración do medicamento por persoal non especializado.

B. A ADMINISTRACIÓN DE MEDICACIÓN EN SUPOSTOS DE RISCO GRAVE PARA A SAÚDE DO ALUMNADO.

En aplicación do establecido no Código Penal, nos supostos de emerxencia ou de enfermidades crónicas do alumnado que cursen con crises que poidan poñer en grave risco a vida ou a saúde do alumno, **estaremos obrigados** a facilitarlle toda a atención que precise, por canto a administración da medicación previamente prescrita por facultativo colexiado (por exemplo unha inxección de adrenalina) **pode salvar a súa vida ou evitar consecuencias danosas graves"sen risco propio nin de terceiros"**.

A responsabilidade civil é dos titulares dos centros, pero estes poden repercutir as indemnizacións aboadas ao profesorado en determinados supostos: DOLO ou CULPA GRAVE

A responsabilidade da Administración é de tipo OBXECTIVO e DIRECTO (deber de reparar o dano aínda que o funcionamento do servizo sexa "normal"). En principio no debe existir culpa para que se poida demandar a Administración por aquel que sufra un dano. Sería irrelevante, polo tanto, que o centro docente ou os seus axentes actúen cunha maior ou menor dilixencia no deber de vixilancia que lles compete. Pero nos tribunais vaise abrindo camiño unha corrente menos "obxectivista", que pon o acento en que a causa sexa adecuada para producir un dano, ou o que é o mesmo: na consideración de todas as circunstancias que concorren no suposto.

Existe unha responsabilidade persoal penal para quen non socorra a un alumno podendo facelo sen risco para si ou para terceiros, de producirse dano a un menor por omisión.

Polo tanto neste suposto a responsabilidade dos docentes nace:

- Como consecuencia da obriga xeral de prestación de auxilio.
- Da responsabilidade legal de vixilancia e coidado que asume durante o tempo de acompañamento do alumnado.
- Dende o momento en que é informado dunha posible situación de risco para a saúde do alumno ou alumna por parte dos seus representantes legais.

Como en calquera situación na que media unha responsabilidade, a mellor maneira de evitar as consecuencias legais é a PREVENCIÓN DOS RISCOS. A atención sanitaria do alumnado por parte do profesorado require, polo tanto,

INFORMACIÓN
PREVISIÓN
FORMACIÓN

Para iso a mellor recomendación que se pode facilitar é a elaboración de PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN, que deberán ser postos en coñecemento de todo o persoal do centro educativo, docente e non docentes.

2. PROPOSTA DE PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN

2.1. ACTUACIÓN EN SITUACIÓN DE ENFERMEDADES COMÚNS OU ORDINARIAS, OU ENFERMIDADES CRÓNICAS SEN GRAVIDADE.

- ✓ Informarase ás familias dos alumnos e alumnas ao inicio do curso escolar do procedemento aprobado no centro para a administración de fármacos durante a xornada escolar do alumnado.
- ✓ Intentará evitarse, sempre que a xuízo do facultativo sexa posible, a administración de medicación durante o horario escolar.
- ✓ As familias deberán solicitar por escrito a administración do medicamento, no modelo que o centro aprobe. Dita solicitude deberá achegar, obrigatoriamente:
    - o Solicitude da familia da administración do fármaco
    - o Informe médico con indicación da medicación prescrita, dose e duración do tratamento.
    - o Compromiso da familia de facilitar o medicamento, e de renovar o mesmo, de ser o caso.
- ✓ Non se facilitará ao alumnado <u>ningún</u> tipo de medicación sen o informe médico previo.

2.2. ACTUACIÓN EN CASOS DE ENFERMIDADES CRÓNICAS QUE POIDAN CURSAR CON CRISES QUE POÑAN EN PERIGO REAL E GRAVE A SAÚDE DO MENOR

- ✓ Informarase ás familias dos alumnos e alumnas ao inicio do curso escolar do procedemento aprobado no centro para a administración de

fármacos durante a xornada escolar do alumnado, así como do persoal responsable do control do mesmo.

- ✓ O responsable da atención do menor debería poñerse en contacto coa familia do alumno/a, así como familiarizarse coa medicación prescrita.
- ✓ Facilitarase ao alumnado, de ser o caso, un lugar axeitado para a administración da medicación.
- ✓ As familias deberán solicitar por escrito a administración do medicamento, no modelo que o centro aprobe. Dita solicitude deberá achegar en calquera caso:

    - o Descrición dos síntomas que poñan de manifesto unha crise médica.
    - o Informe médico con indicación da medicación prescrita, dose e duración do tratamento.
    - o Situacións que poidan supoñer un desencadeante dunha crise.
    - o Indicacións para a administración da medicación en situacións de crise, e outro tipo de consellos médicos.
    - o Autorización dos responsables legais para que se proceda en caso de emerxencia a administración do medicamento por parte de persoal non sanitario.
    - o Autorización, de ser o caso, para incluír ao alumno nun programa de seguimento médico.

- ✓ Na aula e noutros lugares de interese estará exposto e visible o número de emerxencias.
- ✓ Adoptaranse, de acordo co informe médico, as medidas preventivas que se poidan adoptar.
- ✓ Intentará facilitarase formación en primeiros auxilios para o persoal docente especialmente vinculado ao alumnado destas características.

3. PROGRAMAS INSTITUCIONAIS

A cada vez máis frecuente presenza nos centros educativos de alumnado con enfermidades crónicas como diabete, epilepsia, ou alerxias graves, enfermidades que poden ser obxecto en situacións puntuais de crises que poñan en perigo a vida do menor, provocou que as diferentes administracións educativas decidiran adoptar distintas medidas institucionais de cooperación entre os servizos educativos e os servizos médicos. En Galicia esta cooperación cristalizou no **PROGRAMA ALERTA ESCOLAR.**

Este Programa, no que colaboran o SERGAS, a Consellería de Educación e a Fundación 061, ten como obxectivo a atención inmediata e eficiente do alumnado que presente unha patoloxía crónica que poida desenvolver en calquera momento unha crise.

Este programa posibilitará a súa asistencia e que o profesorado teña cobertura de persoal médico que conte con información personalizada da patoloxía dos nenos e nenas de 3 a 16 anos escolarizados nun centro educativo, que poidan sufrir unha alerxia alimentaria, unha crise comicial ou unha crise diabética.

A adscrición dos alumnos e os centros a este programa permite:

- Que un informe médico sobre o alumnado afectado estea a disposición do persoal médico do 061.
- A garantía de atención médica telefónica por parte de persoal médico especializado e ao tanto da situación do alumno/a.
- A información precisa sobre a mobilización de recursos e persoal médico en rexistros temporais moi breves con carácter xeral.
- A formación do profesorado, a través dos CEFORE,